

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que se recibiu no Servicio un escrito de D. Valentín Salgado Castro, como presidente da Comunidade de montes de Vilar, para transformar os vixentes consorcios dos montes pertencentes a dita comunidade nun novo convenio.

2º.- Que o 1-7-74 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o acordo de clasificar como tal o monte **COMUNAL DE VILAR**, do concello de Castrelo do Val, a favor dos veciños de Vilar, sendo firme o acordo ó non existir reclamacións en prazo.

3º.- Que se acompaña certificación do secretario da comunidade D. Serafín González Paz, na que se fai constar que en Asemblea Xeral con data 20-3-98 se tomou o acordo de iniciar os trámites para a subscrición do convenio.

4º.- Que o monte que se quere conveniar ten unha superficie de 224 ha., das que:

- 35 ha. constituen unha parte das 443,50 ha. que forman o consorcio **Cabeza das Corgas OR-2070**.
- 21,30 ha. que constituen unha parte das 582,60 ha. que forman o consorcio **Pepín OR-2057**.
- 167,70 ha. que constituen unha parte das 207, 70 ha. que forman o consorcio **Río de Codias OR-2075**.

5º.- Que os traballos imputables ós montes Cabeza das Corgas e Río de Codias comezaron no ano 1954, e os do monte Pepín no ano 1952.

6º.- Que o **estado de contas do monte Cabeza das Corgas OR-2070** na parte correspondente á comunidade de Vilar, é o seguinte:

Ata o 1 de xullo de 1974

Gastos:

Gastos totais do consorcio 1.734.691 ptas
Corresponden á comunidade de Vilar:

- Traballos: 1.734.691 ptas x 35 ha / 443,50 ha 136.898 ptas

- Gardería: 490 ptas /ha x 35 ha	17.150 ptas
- Administración: 7,85% s/ 1.734.691 ptas	136.173 ptas
Total Gastos:	290.221 ptas

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio	6.732 ptas
Corresponden á comunidade de Vilar:	

- Aproveitamentos madeirables: 6.732 ptas x 35 ha / 443,5 ha	531 ptas
- Condonación deuda Lei 13/89	289.690 ptas

Total ingresos:	290.221 ptas
-----------------	--------------

Resulta un saldo de cero pesetas na data de clasificación.

Dende o 1 de xullo de 1974 ata o 31 de decembro de 1993:

Gastos:

Gastos totais do consorcio:	14.727.791 ptas
Corresponden á comunidade de Vilar:	

- Traballos: 14.727.791 ptas x 35 ha / 443,50 ha	1.162.283 ptas
- Gardería: 890 ptas / ha x 35 ha	31.150 ptas
- Administración: 7,85% s/ 1.162.283 ptas	91.239 ptas

Total Gastos:	1.284.672 ptas.
---------------	-----------------

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio:	1.952.579 ptas
Corresponden á comunidade de Vilar:	

- Aprov. madeirables: 1.952.579 ptas x 35 ha / 443,5 ha	154.093 ptas
---	--------------

Total Ingresos:	154.093 ptas
-----------------	--------------

Resulta un saldo no monte Cabeza das Corgas OR-2070 no período 1974 – 1993 na parte correspondente á comunidade de Vilar de:

G-I = 1.284.672 ptas – 154.093 ptas = 1.130.579 ptas a favor da Xunta de Galicia.

Dende 1 de xaneiro de 1994 ata o 31 de decembro de 1998

Gastos:

<u>Ano</u>	<u>Inversión</u>	<u>Cofinanc. U.E.</u>	<u>Importe total</u>	<u>Inversión computable</u>
1994	3.960.298	72,5 %	2.871.216	1.089.082
1995	488.819	72,5 %	354.394	134.425
1996				
1997	215.263	72,5 %	156.066	59.197
1998	669.301	72,5 %	485.243	184.058
Total	5.333.681		3.866.919	1.466.762

Gastos totais do consorcio 1.466.762 ptas
Corresponde á comunidade de Vilar:

- Traballos: 1.466.762 ptas x 35 ha / 443,50 ha 115.753 ptas
- Gardería: 285 ptas / ha x 35 ha 9.975 ptas
- Administración: 7,85 % s/ 115.753 ptas 9.086 ptas

Total Gastos: 134.814 ptas

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio 5.851.403 ptas
Corresponde á comunidade de Vilar:

- Aprov. Madeirables: 5.851.403 ptas x 35 ha / 443,50 ha 461.779 ptas

Total Ingresos: 461.779 ptas

Resulta un saldo no monte Cabeza das Corgas OR-2070 no período 1994 – 1998 de:

G-I = 134.814 ptas – 461.779 ptas = 326.965 ptas a favor da Comunidade de Vilar.

O saldo total do monte Cabeza das Corgas OR-2070, na parte correspondente á comunidade Vilar é de:

Ano 1954 a 1973 = 0 ptas

Ano 1974 a 1993 = 1.130.579 ptas

Ano 1994 a 1998 = - 326.965 ptas

TOTAL: 803.614 ptas a favor da Xunta de Galicia.

7º.- Que o **estado de contas do monte Río de Codias OR-2075** na parte correspondente á comunidade de Vilar, é o seguinte:

Ata o 1 de xullo de 1974

Gastos:

Gastos totais do consorcio 747.401 ptas

Corresponden á comunidade de Vilar:

- Traballos: 747.401 ptas x 167,70 ha / 207,70 ha	603.462 ptas
- Gardería: 490 ptas /ha x 167,70 ha	82.173 ptas
- Administración: 7,85% s/ 603.462 ptas	47.372 ptas

Total Gastos: 733.007 ptas

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio 0 ptas

- Condonación deuda Lei 13/89 733.007 ptas

Total ingresos: 733.007 ptas

Resulta un saldo de cero pesetas na data de clasificación.

Dende o 1 de xullo de 1974 ata o 31 de decembro de 1993:

Gastos:

Gastos totais do consorcio: 6.839.232 ptas

Corresponden á comunidade de Vilar:

- Traballos: 6.839.232 ptas x 167,70 ha / 207,70 ha 5.522.095 ptas
- Gardería: 890 ptas / ha x 167,70 ha 149.253 ptas
- Administración: 7,85% s/ 5.522.095 ptas 433.484 ptas

Total Gastos: 6.104.832 ptas.

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio: 4.223.650 ptas

Corresponden á comunidade de Vilar:

- Aprov. madeirables: 4.223.650 ptas x 167,70 ha / 207,70 ha 3.410.236 ptas

Total Ingresos: 3.410.236 ptas

Resulta un saldo no monte Río de Codias OR-2075 no período 1974 – 1993 na parte correspondente á comunidade de Vilar de:

G-I = 6.104.832 ptas – 3.410.236 ptas = 2.694.596 ptas a favor da Xunta de Galicia.

Dende 1 de xaneiro de 1994 ata o 31 de decembro de 1998

Gastos:

<u>Ano</u>	<u>Inversión</u>	<u>Cofinanc. U.E.</u>	<u>Importe total</u>	<u>Inversión computable</u>
1994	2.795.196	72,5 %	2.026.517	768.679
1995	1.076.886	72,5 %	780.742	296.144
1996	0	0	0	0
1997				
1998				
Total	3.872.082		2.807.259	1.064.823

Gastos totais do consorcio	1.064.823 ptas
Corresponde á comunidade de Vilar:	
- Traballos: 1.064.823 ptas x 167,70 ha / 207,70 ha	859.754 ptas
- Gardería: 285 ptas / ha x 167,70 ha	47.795 ptas
- Administración: 7,85 % s/ 859.754 ptas	67.491 ptas
Total Gastos:	975.040 ptas

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio 0 ptas

Resulta un saldo no monte Río de Codias OR-2075 no período 1994 – 1998 de:

G-I = 975.040 ptas – 0 ptas = 975.040 ptas a favor da Xunta de Galicia.

O saldo total do monte Río de Codias OR-2075, na parte correspondente á comunidade Vilar é de:

Ano 1954 a 1973 =	0 ptas
Ano 1974 a 1993 =	2.694.596 ptas
Ano 1994 a 1998 =	975.040 ptas

TOTAL: 3.669.636 ptas a favor da Xunta de Galicia.

8º.- Que o estado de contas do monte Pepín OR-2057 na parte correspondente á comunidade de Vilar, é o seguinte:

Ata o 1 de xullo de 1974

Gastos:

Gastos totais do consorcio	4.078.582 ptas
Corresponden á comunidade de Vilar:	

- Traballos: 4.078.582 ptas x 21,30 ha / 582,60 ha	149.114 ptas
- Gardería: 520 ptas /ha x 21,30 ha	11.076 ptas
- Administración: 7,85% s/ 149.114 ptas	11.705 ptas

Total Gastos: 171.895 ptas

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio 110.824 ptas
Corresponden á comunidade de Vilar:

- Aproveitamentos madeirables: 110.824 ptas x 21,30 ha / 582,60 ha	4.052 ptas
- Condonación deuda Lei 13/89	167.843 ptas

Total ingresos: 171.895 ptas

Resulta un saldo de cero pesetas na data de clasificación.

Dende o 1 de xullo de 1974 ata o 31 de decembro de 1993:

Gastos:

Gastos totais do consorcio: 19.746.678 ptas
Corresponden á comunidade de Vilar:

- Traballos: 19.746.678 ptas x 21,30 ha / 582,60 ha	721.943 ptas
- Gardería: 890 ptas / ha x 21,30 ha	18.957 ptas
- Administración: 7,85% s/ 721.943 ptas	56.673 ptas

Total Gastos: 797.573 ptas.

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio: 11.171.964 ptas
Corresponden á comunidade de Vilar:

- Aprov. madeirables: 11.171.964 ptas x 21,30 ha / 582,60 ha	408.450 ptas
--	--------------

Total Ingresos: 408.450 ptas

Resulta un saldo no monte Pepín OR-2057 no período 1974 – 1993 na parte correspondente á comunidade de Vilar de:

G-I = 797.573 ptas – 408.450 ptas = 389.123 ptas a favor da Xunta de Galicia.

Dende 1 de xaneiro de 1994 ata o 31 de decembro de 1998

Gastos:

<u>Ano</u>	<u>Inversión</u>	<u>Cofinanc. U.E.</u>	<u>Importe total</u>	<u>Inversión computable</u>
1994	2.522.885	72,5 %	1.829.092	693.793
1995	1.937.830	72,5 %	1.404.927	532.903
1996	2.884.612	72,5 %	2.091.344	793.268
1997	8.066.962	72,5 %	5.848.547	2.218.415
1998				
Total	15.412.289		11.173.910	4.238.379

Gastos totais do consorcio 4.238.379 ptas

Corresponde á comunidade de Vilar:

- Traballos: 4.238.379 ptas x 21,30 ha / 582,60 ha 154.956 ptas
- Gardería: 285 ptas / ha x 21,30 ha 6.070 ptas
- Administración: 7,85 % s/ 154.956 ptas 12.164 ptas

Total Gastos: 173.190 ptas

Ingresos:

Ingresos totais do consorcio 3.511.137 ptas

Corresponde á comunidade de Vilar:

- Aprov. Madeirables: 3.511.137 ptas x 21,30 ha / 582,60 ha 128.368 ptas

Total Ingresos: 128.368 ptas

Resulta un saldo no monte Pepín OR-2057 no período 1994 – 1998 de:

G-I = 173.190 ptas – 128.368 ptas = 44.822 ptas a favor da Xunta de Galicia.

O saldo total do monte Pepín OR-2057, na parte correspondente á comunidade Vilar é de:

Ano 1954 a 1973 =	0 ptas
Ano 1974 a 1993 =	389.123 ptas
Ano 1994 a 1998 =	44.822 ptas

TOTAL: 433.945 ptas a favor da Xunta de Galicia.

9º.- O saldo total do monte que se quere conveniar é de:

- Cabeza das Corgas OR-2070	803.614 ptas
- Río de Codias OR-2075	3.669.636 ptas
- Pepín OR-2057	433.945 ptas

TOTAL: 4.907.195 ptas a favor da Xunta de Galicia.

Por todo isto, **proponemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome do monte: **COMUNAL DE VILAR**

Número: 321-55147

Superficie: 224 ha. repoboadas.

Pertenza: Comunidade de Vilar.

Concello: Castrelo do Val.

Provincia: Ourense

A contabilizar en concepto de subvención: 50 %
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50 %
Xuro sobre o anticipo: 1% anual
Participación da Comunidade propietaria no voo creado: 70 %
Participación da Consellería de Medio Ambiente no voo creado: 30 %
Saldo da conta do convenio: **4.907.195 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio do monte **Cabeza das Corgas OR-2070**, teña as seguintes bases:

Nome: Cabeza das Corgas
Elenco: OR-2070
Superficie: 408,50 ha
Pertenza: Servoi, Sampaio, Monteveloso, Fontefría e Servoi, Fontefría e Piornedo, Servoi e Vilar.
Concello: Castrelo do Val
A restar da conta de gastos do monte: 1.414.934 ptas.
A restar da conta de ingresos do monte: 616.403 ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio do monte **Río de Codias OR-2075**, teña as seguintes bases:

Nome: Río de Codias
Elenco: OR-2075
Superficie: 40 ha
Pertenza: Rivas
Concello: Castrelo do Val
A restar da conta de gastos do monte: 6.985.311 ptas.
A restar da conta de ingresos do monte: 3.410.236 ptas.

CUARTO.- Que no sucesivo o consorcio do monte **Pepín OR-2057**, teña as seguintes bases:

Nome: Pepín
Elenco: OR-2057
Superficie: 561,30 ha

Pertenza: Pepín, Rivas, Castrelo.


Concello: Castrelo do Val

A restar da conta de gastos do monte: 1.026.013 ptas.

A restar da conta de ingresos do monte: 540.870 ptas.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro do 2000.

**O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,**



Plácido Baamonde López.

**VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,**



Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

INFORME M.V.M.C. VILAR 32155147

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade do Montes Vecinais en Man Común de Vilar en Castrelo de Val (Ourense) para transformar de consorcio a convenio os MM.VV.M.C. denominados "Cabezas das Corgas", "Pepín" e "Río Coiras", na parte correspondente á comunidade de Vilar no concello de Castrelo de Val.

Con data 27 de decembro de 1999 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Ourense para transformar de consorcio a convenio os MM.VV.M.C. denominados "Cabezas das Corgas" (por 35 has), "Pepín" (por 21,3 has) e "Río Codias" (por 167,7 has), na parte correspondente á comunidade de Vilar no concello de Castrelo de Val (en total 224 has).

Vista a solicitude de 20 de marzo de 1998 de D. Valentín Salgado Castro, en calidade de presidente da xunta rectora da C.MM.VV.M.C. de Vilar en Castrelo de Val, que é quen solicitou o inicio do expediente;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación de 20 de marzo de 1998;

Vistas as certificacións e o informe do Xefe de servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense de data 17 de setembro de 1999, favorables á petición, no que se refire ó acordo da assemblea xeral de comuneros de data 20 de marzo de 1998 de solicita-la suscripción do convenio

e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común,

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes, informe sometido a criterio mellor fundado; non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos nin as valoracións de tipo económico.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2000



Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio das seguintes características:

Nome do monte: **COMUNAL DE VILAR**

Número: 321-55147

Superficie: 224 ha. repoboadas.

Pertenza: Comunidade de Vilar.

Concello: Castrolo do Val. Provincia: Ourense

A contabilizar en concepto de subvención: 50 %

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50 %

Xuro sobre o anticipo: 1% anual

Participación da Comunidade propietaria no voo creado: 70 %

Participación da Consellería de Medio Ambiente no voo creado: 30 %

Saldo da conta do convenio: **4.907.195 pesetas a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio do monte **Cabeza das Corgas OR-2070**, teña as seguintes bases:

Nome: Cabeza das Corgas

Elenco: OR-2070

Superficie: 408,50 ha

Pertenza: Servoi, Sampaio, Monteveloso, Fontefría e Servoi, Fontefría e Piornedo, Servoi e Vilar.

Concello: Castrelo do Val

A restar da conta de gastos do monte: 1.414.934 ptas.

A restar da conta de ingresos do monte: 616.403 ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio do monte **Río de Codias OR-2075**, teña as seguintes bases:

Nome: Río de Codias

Elenco: OR-2075

Superficie: 40 ha

Pertenza: Rivas

Concello: Castrelo do Val

A restar da conta de gastos do monte: 6.985.311 ptas.

A restar da conta de ingresos do monte: 3.410.236 ptas.

CUARTO.- Que no sucesivo o consorcio do monte **Pepín OR-2057**, teña as seguintes bases:

Nome: Pepín

Elenco: OR-2057

Superficie: 561,30 ha

Pertenza: Pepín, Rivas, Castrelo.

Concello: Castrelo do Val

A restar da conta de gastos do monte: 1.026.013 ptas.

A restar da conta de ingresos do monte: 540.870 ptas.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que

comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98 de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2000.

**O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL,**



**O CONSELLEIRO
P.O. (ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL**

José Luis Aboal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

C O N V E N I O

N.º	321	55147
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a dous de febreiro de 2000 de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ , Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. VALENTIN SALGADO CASTRO como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE VILAR , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do ANO 1.954. para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a OS VECIÑOS DE VILAR.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: COMUNAL DE VILAR

Termo municipal: CASTRELO DO VAL

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN PERTENCENTES OS VECIÑOS DE VILAR.

Límites:

N.: MONTE COMUNAL DE POTOCAMBA E COMUNAL DE FUENTEFRIA.

S.: MONTE COMUNAL DE SERVOI E COMUNAL DE RIVAS.

L.: MONTE COMUNAL DE FUENTEFRIA E FINCAS PARTICULARES,

O.: MONTE COMUNAL DE PEPIN E MONTE VECIÑAL DE MATAMA (LAZA).

Superficie: 224,0 HAS. REPOBOADAS

Estado forestal: REPOBACION FORESTAL DE P. PINASTER E P.SYLVESTRIS.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: VECIÑOS DE VILAR.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
224,0 HAS.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: ALGUNHA DE PASO.

3ª.- O chan continuará pertencendo a OS VECIÑOS DE VILAR.

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (casquiza se non existe).~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUNTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUNTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: (OR-2070) 35,0 HAS, (OR-2057) 21,3 HAS.
(OR-2075) 167,7 HAS.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o _____ por cento, e a comunidade propietaria, o _____ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de CUARENTA. anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER,
PINUS SYLVESTRIS E OUTRAS ESPECIES QUE SE CONSIDEREN OPTIMAS PARA OS MONTES.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don a Miriam Arenal López -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "COMUNAL DE VILAR", clasificado en data 1 de xullo de 1974, a favor dos veciños de Vilar, no Concello de Castrelo do Val.

2.—Que, así mesmo, figura Don Valentín Salgado Castro -----, e Don Serafín González Paz -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 000 dende 22 de maio de 1996 ata o 22 de maio de 2000.-----

E para que conste, expido a presente certificación En Ourense -----
a 7 de decembro de 1999



Don SERAFIN GONZALEZ PAZ -----, Secretario de LA XUNTA DE MONTES DE VILAR.

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 20 DE MARZO DE 1.998 estando designado Don VALENTIN SALGADO CASTRO representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en VILAR (CASTRELO DO VAL)

a 20 de MARZO de mil novecientos noventa e OITO .

O SECRETARIO,

Serafin Gonzalez Paz

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Valentin Salgado Castro

Asdo. : VALENTIN SALGADO CASTRO

Asdo. : SERAFIN GONZALEZ PAZ

Don TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS. -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Valentin Salgado Castro

ASDO.VALENTIN SALGADO CASTRO

Pola Consellería de Medio Ambiente,

O CONSELLEIRO

Jose Luis Abal Garcia - Tunon

ASDO. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ